

ANUNCIO

Convocadas Eleccións Autonómicas para o vindeiro 18 de febreiro de 2024 e seguindo o calendario electoral,

COMUNÍCASE:

Que segundo o disposto no artigo 39.2 da vixente Lei 5/85, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, durante o período comprendido entre os días **1 e 8 de xaneiro**, estará exposto ao público o censo electoral vixente pechado ao **día 1-10-2023**, ao obxecto de que todos os veciños e veciñas empadroados/as poidan comprobar a súa correcta inscrición nas listas de votación e, no seu caso, facer as reclamacións oportunas.

Lugar: Centro de servizos municipais, Ronda Muralla 197.

Horario: 9 a 14 horas en días laborais.

10 a 14 horas, domingo e festivos.

A consulta das listaxes electorais, que se deberá realizar persoalmente, é un trámite necesario e convinte para toda a cidadanía co fin de garantir o exercicio do dereito ao voto.

Ademáis do servizo de atención presencial, tanto a comprobación censal como a achega de reclamación poderase realizar electrónicamente a través da sede electrónica da Oficina do Censo electoral á cal poderase acceder a través da páxina web do concello (<https://www.concellodelugo.gal>).

A ALCALDESA

(Asinado dixitalmente na data que consta á marxe)